



Ramón Martínez nós sous tempos de bachiller

N el mes de mayo d'este ano, a os 87 anos d'edá, falecía en Vigo José Ramón Martínez. Máis conocido polos sous amigos da moceda como *Valín*, fora nacido en outubro de 1912 nel Valín, na parroquia de Piñeira (Castripol). Era da Casa del Gobelo, úa casa de llabranza unde houbo que fer muitos esforzos pra volar nos cuartos con qu'estudiar a Ramón. Naquellos tempos nun era tan normal qu'un fiyo d'un llabrador pudesé estudiar porque eran muitos os condicionantes, tanto económicos como sociais, que fían que costase caro. Però Ramón sabía qu'él quería estudar y amañou de sacar el bachiller. Xa con 17 anos fía de corresponsal de Piñeira pral periódico *El Aldeano* y a os poucos números del quincenario, en decembre de 1929, pasou a ser tamén el administrador, encargándose d'ir llevar os orixinales á imprenta que puxera en Ribadeo el lluarqués Etlvino Méndez y de trer el quincenario xa feito pra vendello y mandallo a os suscriptores. Y é que, desa, nos primeiros anos da década dos trenta, *Valín* iba todos os días a Ribadeo a estudiar el bachiller. Comprara un bote d'emparzao con outro estudante, Egidio García, y pasaban a Ribadeo remando, chovese ou fixese sol. Einda s'acordan dalgús de ver chegar a *Valín* andando polos caleyoís chíos de llama hasta A Casa das Barreiras, xa cerca da Capiya de San Roque en Castripol, unde cambiaba as galochas por us zapatos.

Desde sacou el bachiller fixo a carreira de melecía en Santiago, vencendo el idea del padre, que lo quería maestro. Despóis da guerra puido rematar nun ano os dous cursos que ye quedaban y especializarse en Psiquiatría col médico das Figueiras José Villamil, que tía un hospital psiquiátrico en Vigo, pasando a ser socio y despóis propietario. Anque xa retirao, seguía indo regularmente al sou Sanatorio San José, unde lo fomos visitar hai poucos anos. Recordaba poucos detalles d'aquellos tempos d'*El Aldeano*, però del que si s'acordaba era del agayo por llevar a cultura dos llibros a os llabradores, afán que tían todos os que taban al redor del llabor da Biblioteca Popular Circulante, entidá que publicaba el periódico. Ramón non sólo colaboraba nel quincenario senón que tamén axudaba nel que podía nel resto d'actividades. Tocaba un pouco el acurdión y con él animaba dalgúas representacións teatrales na nosa fala que fían os rapaces da Biblioteca.

Nada miyor qu'as súas propias palabras pra explicar os sous ideales. É un artículo que publicou el 15 de setembre de 1932, condo einda nun fixera os vinte anos. Firmaba col alcuño de "Xuanín de Xonte". Copiámolo tal como salíu nel periódico amañando dalgúa qu'outra errata d'imprenta mui evidente.

EL LIBRO N'ALDEA

Antes d'empezarvos a cuntar cousa algúa, vou a pedirvos un favor; que me perdonedes el atrevemento de poñerme a falar sin mais coñecementos c'os qu'eu teño. Però non podo pasar por menos que espricarvos un precanche que me pasou fai einda pouquín tempo.

Baxando del noso pueblín de Xonte eu y'outro vecín, con intenciois d'ir a Castripol, al pasar por el puente de Berbesa, vimos n'aquela casa de Cándido del Cosco, qui hay des que se pasa el puente, unhas tablas chantadas na fachada que mira pra carretera cunhos letreiros que decían: ¡Fixarvos señores! «Leez» y un pouco mais embaxo «Biblioteca de Castropol»; enseguida díxome el compañeiro ¿qué queren decir esos tres homes que tan ei? y eu contesteinye: pois querche decir, ou quer darnos entender, qu'ese aldeano que ta coel libro aberto fíxoye calar al del medio, que por cierto paréceme a simpre vista, ser un abogado y'al outro americano de sombreirín branco, advertindo qu'ese paisano noso sabía tan pouco como nosoutros, pero a fuerza de ler y volver a ler, chegan a faceryes calar a eisos señores que ten al sou lado.

El cuento e que meu amigo non debeu caer en razón porque me contestou: y, ¿cábeche n'a cabeza a'un trabayador da terra como somos nosoutros, vamos facerye calar



A Casa de Cándido del Cosco, en Berbesa, col anuncio da Biblioteca. Sentao nel petril da ponte, Agustín García, que foi bibliotecario da de Castripol. Brao de 1932.

a D. Tiadoro Campón –poño por caso– ou a outros desos señoritos qu'andan pasando por as aceras d'a vila? Digoye eu: si, home si, a cousa ten a súa explicación. Nosoutros non, porque xa lougo non podemos c'os calzois de veyos que tamos, pero os nosos netos, como se poñan a ler y sigan, condo cheguen a ser grandes han de faguerye calar sin apurarse muito como yes fixo esoutro que ta ei na parede.

Lo que nos falta a nosoutros e ter libros y libros como hay por outros sitios; porque según decía fai unhos cuantos días un escritor mejicano nuha conferencia que deu n'el Casino de Castripol, aló por a súa terra os verdaderos trabayadores del campo qu'apenas tein que calzar, tein unha grandísima Biblioteca y as nove y media d'a noite xa tan todos lendo, esto e lo que necesitamos nosoutros, que nos estragayen os libros por aldea y despóis saber aproveitarnos delos, sobre todo, nesas noites largas d'hivero, porque, se condo nos poñemos a xogar n'a baraxa dispoñésemos d'unha Biblioteca, anque fose pequena, y nos

poñésemos a ler, sacaríamos algo mais resultado, quel que sacamos c'oas cartas.

Mira vecín: non te podes dar unha idea de lo que fai a difusión del libro por as aldeas, cousa qu'empezan a feir algunhos homes de muita concencia de Castripol creando as Bibliotecas que tein y outras que fundarán lougo na nosa parroquia y pueblos pegados: con el tempo chegarán abriyre os oyo al probe labrador.

Lougo el meu compañeiro, convencido xa del todo, comenzóu a falar con estas palabras: teis razón, meu amigo, que somos unhos atrasados, porque unde quera que vayamos non sabemos entendernos coa xente algo estudiada, y eu tamén che creo que se lésemos todos os días, anque fose alindando as vacas, chegaríamos a saber muitas cousas que preguntamos al médico, al abogado, al maestro y a toda esa xente que sabe.

XUANÍN DE XONTE

Falar de Porcía é trer á memoria a Festa dos Remedios qu'el día oito de setembro de cada ano convoca allí a úa búa rabañada de xente d'este occidente d'Asturias.

Pro Porcía é algo máis qu'a festa y qu'a llarga ponte que nos amostra a fotografía, na que nel primeiro plano vemos a dous homes subidos á comporta que regulaba el auga del calce que movía os rodezno del Molín de Plácido, que taba al outro llado da ponte. Por debaxo dos tres últimos arcos d'ella discurre el río –xa a pique de verquer as súas augas al mar– que lleva el nome del lugar y divide os conceyos del Franco y Tapia. A éste último pertenecen as casas que se ven al fondo da fotografía: de Porcía as máis achegadas á ponte y de Campos as de máis llonxe. Debaxo d'ellas inda tán as galerías das minas nas que se sacaba mineral de ferro hai cen anos. Ás espaldas del retratista que tomóu a foto, queda a Capiya da Virxe dos Remedios, xa nel conceyo del Franco, y máis á esquerda el incomparable castañeiral nel qu'os romeiros dan búa conta das empanadas y das tortiyas el día da festa.

↓ Manuel García-Galano

